

PERSOAL

MLP/eva

Refª: conv.e bases específicas funcionario 1 Psicopedagogo qcet.doc

Asunto: Conv. bases específicas funcionario 1 plaza de Psicopedagogo qcet

DECRETO NÚMERO 565/2008 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr. Don JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tte. De Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, a nove de xullo do dous mil oito.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 2.04.2008, aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 90 de data 19.04.2008

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 18.06.2008, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Psicopedagogo/a, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, incluída na referida Oferta de Emprego.

Polo exposto anteriormente, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local, no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordo número 1/877 do dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, do 18.10.2004 e acordo número 3/533 de 20.06.2008,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso a unha praza de Psicopedagogo/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a plazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 do 9.07.2008, e como polas bases específicas tamén aprobadas por dito órgano na mesma sesión, que seguidamente se transcriben:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE PSICOPEDAGOGO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

PERSOAL

MLP/eva

Refª: conv.e bases específicas funcionario 1 Psicopedagogo qcet.doc

Asunto: Conv. bases específicas funcionario 1 plaza de Psicopedagogo qcet

1º.- **OBJECTO.**- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de psicopedagogo/a, do cadro de persoal do Excmo. Concello de Lugo, no proceso de consolidación de emprego temporal, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL".

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ó/á aspirante nomeado/a, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: psicopedagogo/a
- b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A1)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: superior

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo na quenda de consolidación de emprego temporal, o sistema selectivo será o de concurso oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de licenciado/a en psicopedagogía.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 18 € de acordo coa Ordenanza

PERSOAL

MLP/eva

Ref^o: conv.e bases especificas funcionario 1 Psicopedagogo qcet.doc

Asunto: Conv. bases especificas funcionario 1 plaza de Psicopedagogo qcet

fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe da taxa por dereitos de exame poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

O importe dos dereitos de exame só será devolto a quen non fose admitido por falla dalgún dos requisitos esixidos para tomar parte nas probas.

Do mesmo xeito, deberá xuntárselle á instancia os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso.

6º.- PROCESO SELECTIVO

1.- Fase de concurso.

Para a fase de concurso estarase ó disposto na base sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

2.- Fase de oposición.

As probas da fase de oposición que deberá superar o persoal aspirante á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 18 temas, e figuran na base décimo quinta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou de entre o temario de materias específicas. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de tres horas.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 90 minutos, un suposto práctico que formulará o tribunal

PERSOAL

MLP/eva

Refª: conv.e bases específicas funcionario 1 Psicopedagogo qcet.doc

Asunto: Conv. bases específicas funcionario 1 plaza de Psicopedagogo qcet

inmediatamente antes do comezo do exercicio, e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias dos titulares destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que a terse ó disposto na base décimo terceira letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Métodos de investigación en psicoloxía do desenvolvemento.

Tema 2.- Deseño e técnicas de investigación na psicoloxía do desenvolvemento.

Tema 3.- Psicoloxía evolutiva.

Tema 4.- Puberdade, adolescencia e xuventude. Implicacións educativas segundo o seu período evolutivo.

Tema 5.- O desenvolvemento emocional.

Tema 6.- A familia e estilos educativos na infancia e adolescencia.

Tema 7.- A escola. O xogo. A evolución do grupo de iguais.

Tema 8.- Desenvolvemento da personalidade: autoconcepto, autoestima e identidade sexual.

Tema 9.- Desenvolvemento moral ó longo do ciclo vital.

Tema 10.- Principais teorías da personalidade.

Tema 11.- Técnicas de negociación. A negociación por obxectivos.

Tema 12.- A personalidade: trazos, técnicas e métodos de avaliación.

Tema 13.- Instrumentos diagnósticos proxectivos: fundamentos e aplicacións.

Tema 14.- Trastornos da personalidade: consecuencias. Tratamento.

Tema 15.- O estrés. Tipos. Consecuencias. Técnicas de control do estrés.

PERSOAL

MLP/eva

Ref^o: conv.e bases especificas funcionario 1 Psicopedagogo qcet.doc

Asunto: Conv. bases especificas funcionario 1 plaza de Psicopedagogo qcet

- Tema 16.- Técnicas de relaxación nos distintos períodos evolutivos.
- Tema 17.- O proceso de tomar decisións: cómo se aprende e cómo se ensina.
- Tema 18.- Os medos na infancia - adolescencia.
- Tema 19.- Educación sexual e educación para a saúde.
- Tema 20.- Prevención dos abusos sexuais a menores.
- Tema 21.- Drogodependencias: concepto, problemática social e laboral. servizos e recursos.
- Tema 22.- Clasificacións das drogodependencias e os seus efectos.
- Tema 23.- Factores de risco e de protección relacionados coas drogodependencias.
- Tema 24.- As drogodependencias no ámbito escolar.
- Tema 25.- As drogodependencias no ámbito familiar
- Tema 26.- Drogas e adolescencia.
- Tema 27.- O “botellón”: causas, necesidades e recursos
- Tema 28.- A intervención mediante o ocio e tempo libre como prevención das drogodependencias.
- Tema 29.- Rede de atención ás drogodependencias na comunidade autónoma galega. Competencia dos concellos en materia de prevención.
- Tema 30.- Programas de prevención en drogodependencias: planificación, execución e avaliación.
- Tema 31.- Prevención en drogodependencias. Tipos de prevención.
- Tema 32.- Prevención e intervención fronte ás drogodependencias na comunidade.
- Tema 33.- Intervención en distintos sectores: minorías étnicas e muller.
- Tema 34.- Personalidade e conduta antisocial.
- Tema 35.- A violencia nas distintas etapas da vida.
- Tema 36.- A violencia: manifestacións, causas, consecuencias e intervención.
- Tema 37.- Tipos de maltrato.
- Tema 38.- Problemática xuvenil en Galicia.
- Tema 39.- Educación para a convivencia e para a paz.
- Tema 40.- Educación para a igualdade. Educación non discriminatoria. eliminación de prexuízos sexistas e racistas.
- Tema 41.- Motivación: ciclo motivacional e técnicas motivacionais.
- Tema 42.- Habilidades sociais.
- Tema 43.- As relacións de grupo: liderado, conflito e roles.
- Tema 44.- Dinámicas de grupo: técnicas de intervención grupal.
- Tema 45.- A asertividade.
- Tema 46.- Deseño, aplicación e avaliación de programas de educación emocional.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: conv.e bases específicas funcionario 1 Psicopedagogo qcet.doc

Asunto: Conv. bases específicas funcionario 1 plaza de Psicopedagogo qcet

Tema 47.- A educación especial. Principios xerais de intervención nestas necesidades.

Tema 48.- A organización da educación especial: aulas e centros específicos.

Tema 49.- Programas de optimización na adquisición nos instrumentos lóxicos matemáticos. Intervención.

Tema 50.- Métodos e técnicas de traballo cos pais en relación coas drogodependencias.

Tema 51.- Educación temperá.

Tema 52.- Intervención psicopedagóxica na inadaptación infantil-xuvenil.

Tema 53.- Alteracións de comportamento e de conduta na infancia. Programas de prevención.

Tema 54.- Alteracións de comportamento e de conduta na adolescencia e adultez. Programas de prevención.

Tema 55.- Modelos de orientación e intervención psicopedagóxica.

Tema 56.- A orientación profesional como actividade educativa. Técnicas utilizadas.

Tema 57.- A orientación profesional e os procesos de toma de decisión vocacional.

Tema 58.- A avaliación psicopedagóxica: avaliación da capacidade intelectual, das aptitudes básicas, e características persoais relacionadas coa aprendizaxe. Instrumentos e técnicas de avaliación.

Tema 59.- Intervención psicopedagóxica nos trastornos do desenvolvemento.

Tema 60.- Formación profesional. Programas de garantía social.

Tema 61.- A madurez vocacional e o proxecto de vida.

Tema 62.- Motivación e capacitación para a busca activa de emprego: a proactividade como motor da busca de emprego.

Tema 63.- Programas de inserción laboral para a xente nova.

Tema 64.- O deseño de material didáctico para formación presencial e non presencial.

Tema 65.- A creatividade. Técnicas de autoaprendizaxe.

Tema 66.- Principais funcións para levar a cabo polo psicopedagogo/a en relación coa prevención de drogas.

Tema 67.- Teoría de sistemas e modelos sistémicos

Tema 68.- Fases da entrevista psicoterapéutica. Características persoais do terapeuta.

Tema 69.- Paradigmas de conduta aplicados á psicoloxía da aprendizaxe.

Tema 70.- Servizos sociais: concepto, principios fundamentais, tipoloxía.

Tema 71.- Lei galega de servizos sociais. Estrutura e contido.

Tema 72.- Os servizos sociais no Concello de Lugo.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: conv.e bases específicas funcionario 1 Psicopedagogo qcet.doc

Asunto: Conv. bases específicas funcionario 1 plaza de Psicopedagogo qcet

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.